

acontecido nos tres anos da Guerra Civil a Navarro Tomás e aos materiais do ALPI. Esta parte é a que desenvolve o estudoso con moito detalle, abrangue dende a páxina 117 ata a páxina 243 e ofrece ao lector todos os pormenores das tribulacións de Aníbal Otero. Pensamos que pode ter un interese clarificador para o lector dende o apartado 4.12 *Dictamen del Juez Instructor (Tui, 17-1-1937)* (p. 176) ata o apartado 4.15.2 *A sentenza!* (p. 201) xa que o profesor Alonso Montero achega todos os documentos que levaron a Aníbal Otero á “reclusión perpetua” dende o 5 de agosto de 1936 ao 5 de maio de 1941 (p. 203). O lector descobre que Aníbal Otero escribiu, tamén, unha novela autobiográfica no carcere titulada *Esmoriz* (pp.207-214) e que o propio Otero a cualifica de “novela bastante pesada de hacer e de leer” porque, en opinión de Alonso Montero, “abusa das voces rurais da súa comarca (e outras)” (p. 208).

Na terceira parte do estudo se presenta a vida do noso lingüista dende 1941 ata 1974 e a súa vinculación de novo co ALPI. Cabe destacar o apartado 5.4. “Publicación do primeiro (e único) tomo do ALPI: case nula repercusión en Galicia” (pp. 291-293) e o apartado 5.5. “En 1963 a Real Academia Galega propónse facer membro numerario a Aníbal Otero” (pp. 293-302) é significativa a carta de Aníbal Otero a D. Sebastián Martínez Risco (25 /X/1966) quen lle confirma a súa situación: “Mi distinguido amigo: la mala salud, el poco ánimo consiguiente y las adversas circunstancias me han impedido realizar el trabajo necesario para mi ingreso en la Academia. Como no abrigo esperanzas de mejora, lo más conveniente será que Vds. elijan otra persona para la vacante de López Abente” (p. 299). Pódese confirmar que o estado de saúde de Aníbal Otero é delicado e o profesor Alonso Montero apunta que hai tres datas de especial relevancia que puideron ser determinantes na biografía da súa enfermidade: “o 5 de agosto de 1936 (detención, secuestro e incomunicación), o 5 de marzo de 1937 (Consello de Guerra no que o fiscal solicitou pena de morte) e o 9 de decembro de 1949 (data do nacemento do seu fillo cunha doenza superior á ciencia da época)” (p. 312).

Non podemos rematar esta recensión sen facer alusión aos *Anexos documentais e gráficos* que ilustran este volume e recomendar ao lector a *Réplica a esta biografía. Aníbal Otero, profesor de Lingüística galega na Universidade de Santiago en 1941(sic): necesaria ou pedagóxica historia contractual* (pp. 313-326), apartado no que o profesor Alonso Montero está moi presente. Por outra parte a *Bibliografía* (pp. 343-363) é outra das achegas deste estudo.

De novo temos que dar os nosos parabéns á Editorial Xerais pola publicación desta biografía e ao mestre, o profesor Xesús Alonso Montero, pola súa xenerosidade ao recuperar, con este apaixonante traballo, a figura de Aníbal Otero Álvarez, ata hoxe descoñecida para moitos. Graciñas, profesor.

Carmen MEJÍA RUÍZ

HAYWOOD, Eliza (2010): *A dama solitaria & Fantomina*. Presentación de Marta González. Introducción de Jorge Figueroa Dorrego. Tradución de M^a Fe González Fernández. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Igualdade e Sotelo Blanco Edicións S. L., 234 pp.

A colección “As Letras das Mulleres”, que edita a Secretaría Xeral da Igualdade en colaboración con Sotelo Blanco Edicións co obxectivo de popularizar obras de autoría feminina recoñecidas pola súa valía como parte da historia da literatura e do pensamento universais, conta dende finais de 2010 cun novo volume. Este décimo terceiro volume está adicado á escritora británica Eliza Haywood, practicamente descoñecida para a sociedade galega do século XXI, e inclúe as primeiras traducións á lingua galega de dúas das súas “historias secretas”, *A dama solitaria e Fantomina*. Estas traducións están precedidas por unha presentación a cargo da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Marta González, e por unha introdución á vida e á obra de Eliza Haywood realizada por Jorge Figueroa Dorrego, Profesor Titular de Literatura Inglesa da Universidade de Vigo. Na antoloxía *Mujeres de principios. Tres novelas cortas de autoras inglesas de los siglos XVII y XVIII* (2008), xa era posible atopar unha versión castelá de *Fantomina: or, Love in a Maze* (1725), pero *A dama solitaria* é a primeira tradución a unha lingua peninsular de *The British Recluse; or, The Secret History of Cleomira, Supposed Dead* (1722) e, polo tanto, a de M^a Fe González Fernández, contida neste volume, convértese na única vía de acceso a esta obra de Haywood para os profanos en lingua inglesa.

Trala presentación da edición, imos analizar pormenorizadamente cada unha das partes das que está composta. Como xa sinalamos anteriormente, o volume comeza cunha presentación na que Marta González reflexiona sobre as causas que contribuíron a que se ignorase ou silenciase a obra de mulleres como Haywood, que adicaron unha boa parte da súa vida a escribir, ás veces mesmo profesionalmente. Para González, hai dous factores fundamentais aos que se lles pode atribuir a orixe da situación desta escritora en particular: a súa condición de muller e as características da súa obra narrativa. Ademais, a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia tamén subliña o feito de que Haywood fose a primeira muller en facer uso da ficción propoñendo unha ruptura coa pasividade que se lles inculcaba ás mulleres dende o berce, e que presenta “heroínas impetuosas e decididas” (p. 9) que poden servir como modelos para as potenciais lectoras destas obras. Finalmente, González remata a súa presentación lembrando a importante función que desempeña a colección “As Letras das Mulleres” no contexto dunha sociedade de ascendencia patriarcal.

Xunto coa presentación, unha pormenorizada introdución á vida e á obra de Haywood precede as traducións das súas dúas “historias secretas”. Jorge Figueroa Dorrego divide esta introdución en cinco partes ben

diferenciadas: “A historia secreta de Eliza Haywood”, “A historia secreta de Cleomira”, “A historia secreta de Fantomina”, unha cronoloxía e un apartado adicado a presentar as referencias bibliográficas máis relevantes para o estudo desta autora e a súa obra. Figueroa Dorrego establece unha enxeñosa analoxía entre os tres primeiros apartados desta introdución: tendo en conta as características do subxénero literario “historia secreta”, emprega este termo para calificar a traxectoria persoal e profesional de Haywood. Como posteriormente explica neste primeiro apartado, denomínase “historia secreta” ao “relato máis ou menos breve onde se narran revelacións sorprendentes sobre a vida dos personaxes, amosando acontecementos xeradores de escándalo social na época en que foron escritas” (p. 14) e, a través do encabezamento do apartado “A historia secreta de Eliza Haywood”, o autor xa adianta que a traxectoria personal e profesional de Haywood está chea de revelacións sorprendentes. Efectivamente, ao longo de todo o apartado descubrimos que esta muller tivo acceso a unha ampla educación a pesar de que viviu entre os séculos XVII e XVIII, que se viu na obriga de desempeñar unha actividade profesional remunerada por causa da ausencia do seu home e que o seu contacto coa vida cultural e literaria comezou en 1715, cando inicia a súa actividade teatral como actriz e dramaturga. Precisamente, este apartado salienta a importancia do seu período como dramaturga porque tanto “a axencia e a solidariedade femininas como a crítica aos aspectos materialistas do matrimonio” (p. 17), i.e., os temas que trata a súa primeira obra, a comedia *A Wife to be Lett* (1723), convértense en temas recorrentes ao longo de toda a súa traxectoria literaria.

A partir de 1737, a súa produción teatral redúcese drasticamente por causa da aprobación da denominada *Licensing Act* e, polo tanto, Haywood vese na obriga de adicarse ás novelas, ás publicacións periódicas e aos manuais de conduta, cos que acadara maior popularidade. Entre as súas novelas, destaca especialmente *Love in Excess, Or, The Fatal Enquiry* (1719-20), que relata dende unha perspectiva feminocéntrica a historia dunha muller seducida e abandonada. O argumento desta novela amatoria sérvelle ao autor da introdución para rematar este primeiro apartado tratando as principais características da obra narrativa de Haywood. Nos dous apartados seguintes, “A historia secreta de Cleomira” e “A historia secreta de Fantomina”, Figueroa Dorrego presenta as principais ideas subxacentes en cada unha das “historias secretas”, o que constitúe unha inestimable axuda para os lectores do século XXI que están a piques de se enfrontar por primeira vez a dúas obras de hai case tres séculos. Esta introdución remata cunha cronoloxía que recolle os acontecementos máis relevantes da traxectoria vital e profesional da autora seguida dun apartado que compendia as referencias bibliográficas máis salientables en dous grandes grupos, as obras citadas e as referencias que poden resultar interesantes para afondar na obra da autora británica.

Seguindo á presentación e á introdución, atópanse as traducións das dúas “historias secretas”: *A dama solitaria ou A historia secreta de Cleomira, supostamente morta e Fantomina ou o amor nun laberinto*. Con respecto ás traducións, só podemos gabar o excelente labor de M^a Fe González Fernández, que consegue manter a esencia dos textos orixinais de Haywood. A dificultade que supón traducir ao galego unhas obras escritas orixinalmente en inglés súmase o feito de que as “historias secretas” foron concebidas para lectores anglosaxóns do século XVII. Con todo, a tradutora consegue trasladar o espírito, a intencionalidade e a significación das dúas obras empregando a lingua galega de comezos do século XXI. Ademais, tamén cómpre salientar a ausencia de erros formais e/ou gramaticais importantes en ámbolos dous textos, o que xunto á extraordinaria elección dos vocábulos empregados reflicte o minucioso traballo feito. En conxunto, cómpre dicir que *A dama solitaria & Fantomina* constitúe un dos volumes máis sobresalientes da colección “As Letras das Mulleres”, sobre todo, polo arduo labor do prologuista e da tradutora na contextualización, documentación e rigor que se reflicten no volume resultante do seu traballo.

Ángeles TOMÉ ROSALES

KABATEK, Johannes e RIVAS, Aitor (eds.) (2011): *Rosalía. Voces galegas e alemás*. Tübingen: Publicacións do Centro de Estudos Galegos de Tübinga, 103 pp.

Nos últimos anos están a aparecer nas nosas librerías libros, artigos, material sobre a vida e obra de Rosalía de Castro co ánimo de concretar, revalorizar e restituír a súa figura e o seu legado. Son varias as orixinalidades que caracterizan o traballo editado polos profesores Johannes Kabatek, Director do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Tübinga, e Aitor Rivas, que exerceu de lector de lingüe e literatura galegas durante cinco anos á beira do Neckar.

O primeiro dos valiosos feitos é a razón que xerou o libro e que o titula, isto é, o libro *Rosalía. Voces galegas e alemás* é o froito dun congreso onde se deu a oportunidade a dúas voces alemás, Inga Baumann e Wolfgang Matzat, profesores da Univeridade de Tübinga, para que interpretasen e comunicasen as súas ideas e traballos ao redor da obra de Rosalía de Castro. Este diálogo complétase coas voces galegas de Anxo Angueira e Helena González, das universidades de Vigo e Barcelona respectivamente.

O traballo de Anxo Angueira na liña da posta en valor da obra de Rosalía xa vén de vello e no artigo que presenta incide nas premisas básicas que caracterizan a súa laboura: Rosalía como figura inaugural e poeta nacional e, introducindo os artigos posteriores do libro, a contextualización da obra de Rosalía no universo poético europeo.